

Festa do Pan de Carral

Os festeiros porán as mans na masa do pan de Carral por vixésima segunda vez

O municipio coruñés celebra este sábado e domingo a festa de exaltación do seu produto máis afamado: o pan

- Haberá obradoiros de elaboración de bolos para a cativada, feira medieval, procesión, música e bocadillos a fartar

Redacción

No corazón da provincia da Coruña atópase Carral, un concello popularmente coñecido na comunidade pola excelencia do seu pan. Polo tanto, e como non podía ser doutra forma, a veciñanza celebra cada ano a súa tradicional Festa do Pan de Carral, que este sábado e domingo vivirá a súa vixésima segunda edición.

Durante a primeira xornada, as actividades comezarán a partir das 12.00 horas cunha exposición e venda de pan, así como do bocadillo cardiosaudable (que contén xamón, tomate e aceite de oliva preparado pola Asociación de Panadeiros de Carral).

Á mesma hora abrirá as súas portas a feira medieval, onde haberá postos de artesanía de coiro, orfebrería, pratería, téxtil, bixería e esmaltes que se poderán visitar durante todo o día. Asemade, organizarase un obradoiro para a cativada de elaboración de pan e outro de xoguetes de madeira, ao tempo que se habilitarán os expositores de asociacións municipais e dos centros educativos locais.

Amenizará o transcurso da mañá o grupo musical Gaeloc Medieval con dúas actuacións. A formación tamén tocará por partida dobre ao longo da tarde. Haberá sesión vermú a cargo



Panadeiros preparando bocadillos nunha edición anterior da festa.

do dúo D' Vicio e a charanga Noroeste animará a xornada polas rúas do concello e o campo da feira.

Para os máis pequenos, o alumnado do IES de Carral fará xa pola tarde dúas representacións da obra de teatro *O Toxo*; na Praza da Capela, volverán realizarse os talleres de elaboración de

O espectáculo 'Rufina e Benito' repartirá pan entre os presentes no campo da feira

pan e de madeira; e habilitarase o expositor Pan en 3D, que simulará unha visita en realidade virtual a un obrador deste produto tan típico do concello.

Ademais, ás 18.30 h, as criaturas gozarán dun espectáculo de zancudos e malabaristas co acompañamento musical de Gaeloc Medieval.

CEDIDA

Pechará a xornada inaugural a sesión musical nocturna do dúo D'Vicio co grupo América de Vigo.

Programación do domingo

O domingo, última xornada dos actos festivos, arrincará unha hora antes que a do sábado, coa apertura da exposición e da feira medieval ás 11.00 horas. De novo, pola mañá os profesionais do sector transmitiránlle á cativada os segredos para crear os seus afamados bolos. Por outra banda, impartirase tamén para os infantés un taller de creación de pulseiras de coiro.

Ás 12.30 h oficiarase a misa solemne e celebrarase a procesión na honra de San Honorato coa actuación da Coral Polifónica Aires de Carral e do grupo de música tradicional Arnela.

Ao longo da tarde a música marcará o ritmo, coa sesión vermú a cargo da orquestra Acordes e as actuacións de Gaeloc Medieval e a charanga Sorch Show Band. Unha das propostas máis destacadas, o espectáculo *Rufina e Benito*, chegará ás 17.00 horas, cando se lle repartirá pan de Carral aos presentes no campo da feira.

Para poñer o broche de ouro á cita gastronómica, os festeiros bailarán ao son da actuación nocturna da orquestra Acordes. ■

REGÍSTRATE

www.gyemo.com

981 611 617

pedidos@gyemo.com

DISTRIBUIDOR ILUMINACIÓN Y MATERIAL ELÉCTRICO

ENVÍOS
24/48 h

STOCKS
ALTOS

98%
PEDIDOS
SERVIDOS

CANARGA
CONSTRUCCIONES

902.300.001

El pan con auténtico sabor a pan

- Fábrica de pan y bollería
- Especialidad en empanadas
- Servicio a domicilio
- Servicio a hostelería
- Pan de Carral - Tartas ricas

PANIFICADORA

Pedro FERNÁNDEZ

Rúa da Escola nº4
Herves-CARRAL
T. 981 670 852

Panadería

Bonome

Pan e Empanadas do país

Camiño de Casal, nº 2 • ANS -CARRAL (La Coruña)
panaderia.bonome@gmail.com

T. 981 670 357